

DA CABEZA AOS PÉS

Texto e ilustracións de ERIC CARLE

Tradución de IAGO NICOLÁS

Acartonado. 12,5 x 18 cm. 28 páx. 13 €

Da cabeza aos pés (galego)
ISBN 978-84-1343-232-8. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Burutik behatzetara (euskara)
ISBN 978-84-9172-340-0. Album irudidunak. Egile-lanak.


Da cabeça até aos pés (português)
ISBN 978-989-749-077-4. Pré-leituras. Cartonados.

Eu son un pingüín e xiro a cabeza.

E ti, podes facer así? Claro que si!

Os animais -incluídos os humanos- moven os seus corpos de formas moi diferentes. Obsérvase nos gorilas como baten no peito, nos camelos dobrando as extremidades ou nas xirafas, que poden curvar o pescozo, entre outras curiosidades que se atopan nas demais especies. A divertida proposta deste libro acartonado é que as lectoras e os lectores deixen o sedentarismo para acompañar os protagonistas desta historia, imitando os seus xestos e as súas posturas: xirar a cabeza, balancearse, retorcerse... ata rir á gargalladas.

Porque «Da cabeza aos pés» hai moitas partes do corpo, outra achega desta obra de Eric Carle pasa por coñecer e nomear a nosa anatomía, percorréndoa ao paso de cada páxina.



- **Temática:** explorar as partes do corpo.
- **Idade recomendada:** dende 2 anos.
- **Aspectos destacables:** estrutura encadeada, técnica da colaxe, humor; fauna do mundo, imitación dos movementos dos animais; do autor de «[A araña moi ocupada](#)» (KALANDRAKA).
- **Adianto do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/da-cabeza-aos-pes-g>

Eric Carle

(Siracusa, Nova York, 1929 - Northampton, Massachusetts, 2021)

Autor de máis de 70 álbums, comezou a ilustrar libros en 1967, despois de traballar durante moitos anos en publicidade. Estudou na escola de arte Akademie der Bildenden Künste de Stuttgart, Alemaña. Regresou a América do Norte en 1952, onde traballou como deseñador gráfico para The New York Times. O primeiro libro da súa completa autoría foi "1,2,3, to the Zoo" (1968), ao que seguiu "The Very Hungry Caterpillar". Foi galardoado co Premio da Feira Internacional do Libro Infantil de Boloña, co da Asociación de Libreiros Infantís e co da Asociación Americana de Bibliotecas, entre outros títulos.

<https://eric-carle.com>